



Eu non sabía!?

*Obra para actor e monicreques*¹

Marcos Dios Aguado²

ESCENA - “APARICIÓN”

(Un paquete dourado enriba da mesa. Aparece “Superman” e dǵlle voltas ao redor tentando saber que hai dentro coa súa superollada. Mira a hora no móbil).

SÚPER

Mamá sempre di “Cada cousa no seu tempo”. Que emoción! Que será? *(Vaino abrir).*

Mellor vouna chamar e asegúrame.

Mamá! Grazas, si, aquí o teño. Xa o podo abrir? Si?!?!?

A, si, eu tamén te que... Colgoume!! *(Colga e bole a abrir o agasallo).*

Eeeee!! Pero se é o kit completo do xogo Mi-granova. O auténtico, o de “Xoguetes para com-partir”:

Un corpo. *(Sácao da caixa).*

O valado. *(Móntao e pincha con el).*

Caras cambiabiles.

E os accesorios!!

(Monta a cara de Salam e este faise presente).

ESCENA - “SALAM LABÁS!”

SALAH

Salam labas!

SÚPER

Eu Súper.

SALAH

Salam labas!

SÚPER

Eu, SÚPER!

SALAH

SALAM LABAS!!

SÚPER

Eu...

SALAH

SALAM LABAS! SALAM LABAS! SALAM LABAS!

SÚPER

Ah... Salam Labás!

SALAH

Salam labas.

¹ *Eu non sabía!?* é un proxecto escénico sobre as migracións e a vulneración dos dereitos humanos na fronteira sur de Europa. A peza foi elaborada a partir de testemuños recollidos en Melilla nunha viaxe como observador coa ONG Oxfam. Aínda que inédita, foi estreada en francés, castelán e galego.

² <https://www.linkedin.com/in/marcos-dios-14749520/?originalSubdomain=es>.

SÚPER

Eu Súper. E ti? Salam Labás, non si?

SALAH

O que!?

SÚPER

Cantos anos tes?

SALAH

Hoxe fago 13.

SÚPER

Que ben! Parabéns! Agarda. Seguro que hai un agasallo. (*Busca na caixa*). Ei, mira dos teus amigos do porto. (*Comeza a cantar*). Parabéns para ti, parabéns... ! Veña tod@s... Parabéns... (*Mentres, Salah abre o agasallo: un bote de cola*). Ah, será para os teus brazos ou as túas pernas.

SALAH

Quizais!... Unha²nota: “Para o *riski* de hoxe”.

SÚPER

Para a festa?

SALAH

Non. Para *riski*.

SÚPER

Iso, para a festa, pegar as grilandas e os adornos...

SALAH

Non, para *RIS-KI*.

SÚPER

E que é *RIS-KI*?

SALAH

Para quitar frío, medo e cansanzo e poder voar.

SÚPER

Voar??

SALAH

Si. Á Península!

SÚPER

E como?

SALAH

En Armas.

SÚPER

Con armas?!?!?

SALAH

Non, no Armas!! (*Sinala o barco*).

SÚPER

Ah, vas saltar o valo e logo subir ao *Armas* para chegar á Península como polisón. Pero iso é moi perigoso!! É a primeira vez?

SALAH

Non, non. Inténtoo case cada noite... Pero hoxe de seguro que o consigo. (*Cheira do bote*).

SÚPER

Pois logo, boa sorte!! Adeus!

SALAH

Agarda, agarda... Pódeslle mandar esta carta á miña nai, por favor?

SÚPER

Si, claro.

SALAH

Grazas e adeus. (*Cheira no bote, intenta saltar o valo e vaise voando*). Hoxe si, (*Cheira no bote*). hoxe si que chego...

(*Envío da carta como un avionciño que choca contra o valado*).

“Ola, Mamá,

Son eu, o teu fillo, Salah. Escriboche para dicir que estou moi ben e todo vai como agardara. Aquí todo é moito mellor. Todo o mundo me axuda sen preguntar. Todos me tratan como un irmán.

Tardei en escribir porque entre o colexio e as clases de español que nos dan para recuperar non tiña tempo. Vivo nunha casa para menores moi fermosa, con tódalas comodidades.

Os nosos titores e coidadores quérannos moito e axúdannos para que poidamos acadar os nosos soños. Xogan moito con nós para que non vos botemos moito de menos e preparan teatro, deporte, excursións e moitas actividades para aprendermos e socializármonos con outros nenos.

Aquí todo o mundo é moi amable e axúdanos se esquecemos a merenda ou perdemos un zapato. Tódolos nenos de aquí comparten os seus xoguets comigo sen que eu llelo pida.

Hoxe voo á Península. Dáme mágoa por tódolos amigos que deixo aquí, pero todos din que alí todo é moito mellor. Ademais, están a piques de darme tódolos papeis e poderedes vir sen problema.

No día do seu 13 aniversario, o teu fillo que moito te quere,

Salah.”

Agardo que chegue.

(*Lanza a carta feita avionciño contra o valo. Lévaoo voando por riba do valo coma levitando e alucinando ata agochalo na caixa. Qúitalle a cara de Salah*).

ESCENA de “JOSÉ”

(Ponlle a cara de José e faino aparecer asexando atrás da caixa).

SÚPER

A ver que é isto.

JOSÉ

Un que chegará. Tódolos demais serán felices. E nós. Ben, en realidade todos estarán felices.

SÚPER

E logo, ao chegar?

JOSÉ

Pois de cero outra vez e un calvario. Agardo que contacte con quen lle pode axudar e lle sexa un pouco máis fácil. Polo menos conseguí saír deste cárcere que é Melilla.

SÚPER

Oes, ti non esaxeras un pouco?

JOSÉ

Para eles isto é peor que a cadea. *(Colle o valo)*. Nenos que prefiren estar na rúa a durmiren en centros de menores, que voan con cola para atreverse a voar polo valo e non ter medo a caeren, afogaren ou que os collan e lles dean unha malleira... Para que non lles doian as coitelas e as espiñas do valado na pel.

SÚPER

Xa... e as túas cicatrices esas?

JOSÉ

Son as da vergoña ao mesturarse coa impotencia. Agroman cada vez que escoito a historia dun saltador enredado ou un neno que se lesiona ao facer riski.

SÚPER

E dóenche?

JOSÉ

Claro que doen! Como non?

SÚPER

Home, pero xa son moitos anos e moita xente. Non é moito desgaste? Terás que desconectar e nalgún momento virar ollos a outro lado, non?

JOSÉ

Iso non! Iso é rematar coa dignidade allea por comodidade. Hai que escoitalos, velos e tentar entendelos, polo menos para non perder a empatía, a humanidade.

SÚPER

Pero ti es un só. E pareceas canso e... a ver... algo...

JOSÉ

Si, si, maior, maior. Pero é importante contar e que se coñezan os outros relatos, as outras verdades. Para que non renuncie máis xente a empatizar, á súa humanidade. Mais para iso hai que coñecer. E para coñecer hai estar disposto a chorar. *(Soa un móbil)*.

Si. Prendérono? No calabozo... ó hospital?? Está vivo? Vou para alí. Que non fale ata que chegue o avogado! *(Colga)*.

Teño que marchar. Acaban de avisar que prenderon a Salah e por mor dos golpes ou da caída está ferido e lévano ao hospital.

SÚPER

Os golpes?

JOSÉ

Polo menos está vivo.

SÚPER

Xa... Vaia. Ei, pódesslle dicir que xa mandei a súa carta? *(Mentres saca a José voando olla desde arriba por todas partes ata desaparecer dentro da caixa. Quítalle a cara de José)*.

ESCENA - “O XENDARME”

(Ponlle a máscara de Ahmed e colle un chalequiño. Faino aparecer moi alegre).

SÚPER

Pero se vén cun chaleco fluorescente. *(Vaillo poñendo)*. Ola! Como te chamas?

AHMED

Ahmed.

SÚPER

Eu Súper. Encantado. Cantos anos tes?

AHMED

Vinte e oito.

SÚPER

E de onde es?

AHMED

De Cassa. De Marrocos.

SÉPER

E vives na rúa?

AHMED

Si. Vaia, cando teño cartos vou para unha pensión.

SÚPER

E como non vas ao CETI?

AHMED

Non é tan doado. Ademais non quero estar encerrado nin que me controlen.

SÚPER

Pero durmir na rúa é moi duro.

AHMED

Si, pero eu decido onde e cando e inda por riba podo traballar.

SÚPER

Traballar??

AHMED

(*Sinala o chaleco*). Cando queiras atópoche unha praza de aparcadoiro para o coche.

SÚPER

Ah! E a iso quítaslle abondo?

AHMED

Unhas veces presta máis que outras. Pero eu non lle roubo a ninguén e fago algo para gañar o pan.

SÚPER

Pero e, en Marrocos?

AHMED

Era xendarme. Ha ha ha...

SÚPER

Xa, e eu *Guardia Civil*.

AHMED

De verdade! Mira para a foto. (*Amósalle o m· - bil*).

SÚPER

E logo, como é que andas na rúa?

AHMED

Mandáronme ao deserto. E logo metéronme preso.

SÚPER

E iso por que?

AHMED

Porque me neguei a pegar a esa xente.

Catro anos na cadea. Logo enviáronme a Agadir e escapei.

SÚPER

Que?

AHMED

Si, non quería máis ser xendarme, nin que me mandaran ao deserto e non podía quedar.

SÚPER

Pero en España non estás mellor e non tes casa onde vivir.

AHMED

Non, pero isto é mellor. Aquí tendes Democracia.

SÚPER

Ha ha ha... Home, iso é moi relativo...

AHMED

Ha ha ha. Si? Cando vives en Marrocos non é nada relativo. Aquí non sabedes apreciálo.

SÚPER

Pero aquí a xente moi ben non te trata...

AHMED

Alí é peor e tampouco gañaba abondo. E en Europa seguro será mellor.

SÚPER

(*Quere sacar unha moeda*). Ben, toma, para...

AHMED

Non, non, non.

SÚPER

É para que durmas nun hostel.

AHMED

Non. Xa gañei dez euros hoxe para pagalo eu. Queres un cigarro?

SÚPER

Eh, non, non fumo, grazas.

AHMED

Síntoo, pero teño que marchar agora para poder coller cuarto. (*Vai marchando*). Uhuhu... hoxe vou poder duchar!!!

SÚPER

Moita sorte!

AHMED

Igual para ti!

(*Quítalle o chaleco, que deixa no valo, e lévao voando, coma nun soño, ata metelo na caixa. Quítalle a cara*).

ESCENA - “OLA CUCÚ, QUEREMOS IR ESCOLA”

SÚPER

Xa din que en tódolos portos a vida é sempre moi dura. Ademais, non hai máis personaxes do porto. (*Ponlle a cara do Nen@ e a pancarta. Mentres remata de colocalo*).

NEN@

OLA, CUCÚ, QUEREMOS IR ESCOLA!!

OLA, CUCÚ, QUEREMOS IR ESCOLA!!

SÚPER

Ola

NEN@

OLA, CUCÚ, QUEREMOS IR ESCOLA!!

SÚPER

Ola! Cantos anos tes?

NEN@

Nove

SÚPER

E logo, ti que fas aquí? Por que non estás na escola?

NEN@

Porque non me deixan. Non me matriculan.

SÚPER

E iso, por que?

NEN@

Porque din que non teño papeis.

SÚPER

Pero, ti de onde es?

NEN@

De aquí, de Melilla.

SÚPER

Pero entón, que papeis non tes?

NEN@

Din que necesito ter o padrón.

SÚPER

E por que non o tes?

NEN@

Porque din que para darnos o padrón temos que ter a Residencia.

SÚPER

E se vives aquí por que non tes a Residencia?

NEN@

Porque din que para darnos a Residencia temos que levar o padrón.

SÚPER

...e os teus pais traballan?

NEN@

Si.

SÚPER

...e cantos sodes?

NEN@

Máis de 150.

SÚPER

Pero ti sabes que iso non é legal, que tes dereito a ir á escola?

NEN@

Si, por iso nos manifestamos, para que nos deixen ir.

SÚPER

Pero canto tempo levades agardando?

NEN@

Todo este curso.

SÚPER

Eh... ben, o Goberno actual di que o vai solucionar... De seguro que o próximo curso poderedes ir á escola. Que queres ser de maior?

NEN@

Policía.

SÚPER

...

NEN@

Para facer cumprir a lei. Eh... Marcho, mamá di que temos que ir comer.

SÚPER

...eh ...si, pois boa sorte!

(Marcha dando viravoltas para a caixa. Quítalle a cara e a pancarta).

ESCENA - “AMAZIG**SÚPER**

Vaia, *(Mentres busca na caixa.)* aquí quedan os personaxes do Centro de Estancia Temporal para Inmigrantes. Que nome tan rebuscado! Algo ha de agachar o CETI... *(Saca a cara de Anir e colócalla)* Este ten un fio que lle sae da boca... Será que ten un fio de voz... ah, e un chapeu típico! *(Colócao e tenta falar con el, pero cada vez que lle pregunta e el quere dicir algo s· se oe un balbucido. S'per vai facéndolle a tradución simultánea que vai provocando a axitación de Anir).*

Ola! Como te chamas?

ANIR

...

SÚPER

Anouar!

ANIR

...

SÚPER

E de onde es?

ANIR

...

SÚPER

Alxerino!! Entón, que fas aquí?

ANIR

...

SÚPER

Agardas o permiso de traballo, pero levamos moito tempo agardando?

ANIR

...

SÚPER

Claro, e tes morriña, non?

ANIR

...

SÚPER

Que vén de ser a festa da xerminación das palmeiras. E claro, é unha festa moi grande en todo o país.

ANIR

...

SÚPER

Ah, e tamén a da Seitura!

ANIR

...

SÚPER

E a Festa do Secado!

ANIR

...

SÚPER

Pero seica aquí non é doado que atopes un traballo como labrego.

ANIR

...

SÚPER

Ai, que pensas en volver, claro.

ANIR

... (*Xa moi nervioso*).

SÚPER

Home, se tes tanta morriña terás que volver, polo menos unha visita pequena, antes de ir á Península.

ANIR

...

SÚPER

Agarda, non te poñas nervioso. Non te entendo ben. Mellor quita iso da boca.

(*Comeza a tirar ata que saca toda a tea da boca. Unha bandeira amazigh que estende mentres fala*).

ANIR

...e levo case dous anos aquí agardando polo asilo. Non podo volver porque me condenaron a dez anos de cárcere por defender os nosos dereitos como pobo.

SÚPER

En Alxeria?

ANIR

Si, pero eu son amazigh e non podo volver se non quero que me leven preso.

SÚPER

Pois non volvas.

ANIR

Pero alí están a miña dona e a miña familia.

SÚPER

Pois cun traballo de labrego non poderás mandarlles moitos cartos.

ANIR

Que eu son ELECTRICISTA!! E non é preciso que mande cartos. Alí a miña familia non ten problemas económicos.

SÚPER

Pero entón, por que non marchas para a Península?

ANIR

Non me conceden o asilo por vir de Alxeria.

SÚPER

Pero estás perseguido!?!?!?

ANIR

Si. Pero o Goberno non quere problemas con Alxeria e di que a “cuestión” Amazigh é un asunto interno de Alxeria... de Marrocos, da Libia, de Mauritania, de Níxer, de Malí...

SÚPER

Pero logo, que necesitas para marchar de aquí?

ANIR

Ter unha oferta de emprego para poder ir á Península cos papeis en regra e unhas garantías.

SÚPER

Ben, Anouar, pois...

ANIR

Chámome ANIR, Anir. Son Amazigh, non árabe.

SÚPER

Síntoo moito, non sabía.

ANIR

Perde coidado, xa estou afeito.

SÚPER

Xa pero non terías que estar. Agardo que mellore pronto a túa situación, Anir.

ANIR

Grazas, pero eu agardo que mellore a situación de tódolos imazighen. (*Mira o reloxo*).

Agora teño que volver ao CETI porque teño que preparar a cea e vou ver se consigo algo de auga.

SÚPER

Auga?

ANIR

Si, non sempre hai.

SÚPER

Ah, pois boa sorte. Adeus!

(Deixa a bandeira colgada no valo. Dun chimpo enorme queda suspendido no aire e, mentres marcha, cǵelle o chapeu. Agóchase devagar na caixa. Quítalle a cara de Anir).

ESCENA - “PATERA DAKAR”

(Ponlle a cara de Ablo. Aparece ollando todo con sorpresa e medo).

ABLO

Ola!

SÚPER

Ola! Como te chamas?

ABLO

Ablo.

SÚPER

Ah... que non falas galego. *Pues, sí habla.*

ABLO

Non, Ablo.

SÚPER

No te pre-o-cu-pes, tam-bién ha-blo es-pa-ñol! Ha-bla, por fá-vor!

ABLO

Non, se digo que me chamo Ablo.

SÚPER

Ah, síntoo Ablo, non te entendera. Eu Súper, encantado!

ABLO

(Asústase). Estás encantado??

SÚPER

Si, encantado de coñecerte!

ABLO

Non! Eu non fago maxia, eu non son marabú.

SÚPER

Que non es un paxaro? Ha ha ha. Non voas, non? Xa, eu tampouco podo voar. Ha ha ha... Shhh.

ABLO

Menos mal! Só os grandes marabús voan en soño.

SÚPER

Outra vez co paxaro!!! Vale, Ablo, de onde es?

ABLO

De Dakar, Senegal.

SÚPER

Iso está moi lonxe. Canto tempo levas fóra?

ABLO

Nove meses.

SÚPER

Levas aquí nove meses?

ABLO

Non, aquí levo dez días.

SÚPER

Pero entón, os nove meses?

ABLO

A viaxe.

SÚPER

Mi madriña, nove meses de viaxe!!! Pero ti que viñeches, camiñando ou que?

ABLO

Non, camiñando só cinco días. En camión, camelo, en bus...

SÚPER

En camelo?

ABLO

Ben, iso só foi unha semana porque escachou o camión.

SÚPER

E logo aquí saltaches o valado, non si?

ABLO

Ha ha ha. O valado! Non, non, iso é moi perigoso, podes caer e esnaquizar as mans, os brazos e as pernas.

SÚPER

E logo, como entraches?

ABLO

En patera. Eu non son pobre. *(Orgulloso).*

SÚPER

Home, pois moi rico non serás...

ABLO

Non, pero tiña os tres mil para pagar a patera.

SÚPER

Tres mil euros???

ABLO

Claro.

SÚPER

Pero por que tanto?

ABLO

Para a mafia.

SÚPER

Pagácheslle tres mil euros á mafia para saír de Senegal?

ABLO

Non, non, tres mil á mafia polo meu sitio na patera. Para saír de Dakar paguei seis mil euros entre a mafia e a protección do marabú.

SÚPER

E dálle co paxaro!!! Que lle deches diñeiro a un paxaro? Ti toleaches!

ABLO

Non, o marabú dixo que por dous mil me protexería ata chegar a Europa. E aquí estou, vivo e san!

SÚPER

Pero non grazas a el!!!

ABLO

Si, podía ter morto como os seis compañeiros de Guinea e as dúas mulleres sirias co bebé que viñan na patera...

SÚPER

A patera afundiou?

ABLO

Si, xusto ao chegar. Non se vía nada e o capitán comezou a berrar que saltásenos nada máis ver as luces do porto. Saltou e unha lanchiña recolleuno e desapareceu. A patera comezou a afundir moi rápido e os rapaces de Guinea non tiñan chaleco nin sabían nadar e eu vinos afundir. E as dúas mulleres sirias, unha embarazada e cun bebé. Deulle o bebé á outra mentres afundía, pero a outra tampouco sabía nadar e non aguantou ata que a Garda Civil nos recolleu. Eu intentei axudar pero non sei nadar moi ben e a gasolina queimábame. Por iso teño os brazos con esas marcas. Sempre que escoito o ruído do mar vexo os seus rostros... Pero, grazas ao marabú non morrín!

SÚPER

Eh... si, claro, grazas ao marabú.

ABLO

Si, menos mal que lle puideran pagar os dous mil.

SÚPER

E agora?

ABLO

Xa non me quedan cartos.

SÚPER

E que vas facer?

ABLO

Traballar na Península.

SÚPER

Xa tes traballo.

ABLO

Non, pero os meus curmáns din que alí sempre hai traballo.

SÚPER

Ah...

ABLO

Vanme mandar axiña á Península, *insha allah!!*

SÚPER

Si, claro. Boa sorte!

ABLO

(Olla a hora e marcha). Oh, si, a ver se chego á cea. Hoxe tócalles ao alxerino.

SÚPER

Adeus e encantado, Ablo!

(Lévaos voando como se flotase e se mergullase no océano ata afundilo e metelo na caixa. Quítalle a cara de Ablo).

ESCENA - “ALEPO TAN PRETO”

(Ponlle a cara de Yusuf, o sirio e fai que colle uns billetes).

YUSUF

(Di cara a un taxi). Un intre, vou ver se ese home ten cambio.

Desculpa, tes cambio de cincuenta euros?

SÚPER

(Busca no peto). ...eh ...si, ten.

YUSUF

Moitas grazas. *(Paga e volve).* Grazas, amigo.

SÚPER

De nada.

YUSUSF

Si, grazas. Eu son Yusuf. E ti?

SÚPER

Súper. Encantado. De onde es?

YUSUF

Son de aquí... e de alí... ben, son de Alepo.

SÚPER

E levas moito tempo aquí?

YUSUF

Estou aquí e estou alí... Levo cinco días.

SÚPER

Ah, acabas de saír de Alepo e por iso tes morriña...

YUSUF

Non, van tres anos, catro meses e dezaseis días que saímos de Alepo.

SÚPER

E logo, onde estiveches?

YUSUF

Aquí... e alí... O deserto é circular...

SÚPER

Pero non é máis doado vir por Turquía? Está máis preto.

YUSUF

Non é tan sixelo. Veña, senta.

SÚPER

Non, grazas.

YUSUF

Pois eu vou sentar.

Cando eramos cativos os meus irmáns e mais eu saíamos no barco do meu avó e podíamos ver a costa de Chipre mentres o avó traballaba. Era o punto máis afastado dentro da seguridade siria dende onde xogabamos a volver escapando dos piratas cristiáns de Europa. Non semellaba estar tan lonxe e ameazabámonos con deixármonos nas súas praias. Nunca imaxinamos que as bombas podían afastar dous continentes e que esa estraña Europa podía estar tan lonxe, que a rota máis rápida e segura fose atravesar o deserto de África. Pero xa estamos aquí... en Europa!! E dende aquí... non se ve o continente.

SÚPER

E agora, polo que teño visto, terás que agardar indefinidamente para poder ir á Península. Sin-too moito.

YUSUF

Ah, non. Dixeron que en catro ou cinco días nos trasladarían a un centro en Madrid.

SÚPER

Ah, pois que sorte!

YUSUF

Non, non é sorte. É a vergoña de Europa ao ver que hai brancos con cartos pedindo asilo nas súas portas empurrados polas súas bombas. É a absolución dos seus pecados logo da penitencia de miles de quilómetros de viacrucis que facemos nós... E xa logo, nas portas do ceo... como no CETI, quen pode pagar ao porteiro...

SÚPER

En serio?

YUSUF

Non, en realidade aquí todo funciona xenial e non hai discriminación. Teño cartos e por iso podo moverme máis ou menos libremente pola cidade. É por iso que vou estar moi pouco tempo e me atoparán axiña un traballo de doutor na Península e non terei razón para queixarme e serei o triunfo da solidariedade infinita de

Europa cos desherdados... Si, son “un privilegiado” e non, non me esquezo do “outro”, o que non pode pagar as súas facturas, o que nonsabe ler, o que vive en tendas de campaña, o que non pode durmir porque as bombas non rematan nunca de contar o seu conto, o que se mergulla para sempre, o que non lles pode ofrecer aos seus fillos nada mellor que unha caixa para a derradeira viaxe...

SÚPER

Non sei que dicir... (*A piques de chorar.*)

YUSUF

Desculpa, non te quería poñer triste, pero ás veces a nostalxia arrástrame. Outro día se queres quedamos e tomamos uns viños. Agora teño que ir buscar a miña dona para ir cear.

SÚPER

Ben, Yusuf, agardo que che vaia ben e poidamos tomar eses viños doutra.

(*Lévaio como empurrado polo vento nun remuíño devagariño ata a caixa. Quitalle a cara e limpa unha bágoa.*)

ESCENA - “TRANS-FRONTEIRIZA”

(*Ponlle a cara de Hurrilla e uns tac·ns altos. Ela ponse a agardar polo bus.*)

SÚPER

Uf... Si que teño prexuizos... quedame moito que aprender aínda...

HURRILLA

Desculpa, sabes se xa pasou o bus?

SÚPER

Eh... (*Con cara de abraiado ao ver unha transese ambiente.*) Creo que si.

HURRILLA

Vaia, outra vez camiñando!

SÚPER

E con eses tacóns!!

HURRILLA

Xa, pero eu non deixei Marrocos para quitar os tacóns, nin por perder un bus.

SÚPER

Xa, pero vas atravesar un barrio un pouquiño...

HURRILLA

Darling, eu son de Fez!

SÚPER

Xa, pero ti ías así por Fez?

HURRILLA

Así, como?

SÚPER

Pois... así... así... así de rechamante.

HURRILLA

Ben, ó zoco ía con velo, polo que van dicir, ha ha ha.

SÚPER

...

HURRILLA

É broma. Algunha vez saín así como son eu. Nun par de veces, pola dúbida, non se atrevéron a facerme nada. Pero case era peor cando ía como Hamid... insultos, malleiras, violacións...

SÚPER

Vaia, síntoo.

HURRILLA

Non, non o sintas. Aprendín a me defender e xa non se atrevían a pegarme un por un, pero en grupo é peor. Así, souben que ese non é un bo lugar para alguén coma min e vin para aquí.

SÚPER

Aínda tiveches sorte!

HURRILLA

Home, non é que aquí non me insulten ou intenten pegarme, pero polo menos, a lei protéxeme e teño a tarxeta vermella, aínda que non poida saír de Melilla.

SÚPER

Pero se tes a tarxeta vermella podes ir á Península sen problema.

HURRILLA

Ah, non, *darling*, iso xa o intentei pero no porto dixeron que nin de coña, que só era válido en Melilla.

SÚPER

Pero iso non é legal!

HURRILLA

Xa, pero non me vou amargar por iso. Mentres arranxan iso, como que me chamo Hurrilla que penso pasalo ben. Agora vou a unha festa preto do porto, que quedei e como perdín o bus terei que ir a pé e tardo un anaco. Así que, se non queres vir...

SÚPER

Ah... Non, moitas grazas!

HURRIYA

Deica, *Darling*!! (*Marcha camiñando dentro da Caixa.*)

SUPER

Deica outra. Que afouta!! (*Mentres vaille quitando a cara de Hurrilla.*)

ESCENA - “AS INVISIBLES”

(*Mentres lle pon unha cara amorfa saca un sostén rosa*)

SÚPER

E isto?

INVISIBLE

...é meu... (*tentando quitarllo e poñelo ela.*)

SÚPER

Perdoa... agarda que che axudo...

INVISIBLE

... non fai falta... ben, grazas.

SÚPER

Pero, ti quen es?

INVISIBLE

Que importa!

SÚPER

Muller, como non vai importar!

INVISIBLE

En serio? Ti oíches falar da Muller Invisible?

Pois, son eu.

SÚPER

Que?!!

INVISIBLE

Si. Desde que cheguei aquí ti es a primeira persoa que consegue verme. Vaia... ademais de Saif.

SÚPER

Que? Quen é Saif?

INVISIBLE

Pois, Saif é... Saif. El coida de que non me pase nada ata que chegue á Península. E como é tan perigoso protéxeme de que ninguén me vexa nin saiban que estou aquí... É pola miña seguridade.

SÚPER

Pola túa seguridade?

INVISIBLE

Si! Ben... e tamén pola da miña familia. Para que non lles ocorra nada. Ás veces teño que me deitar con algúns homes que Saif di que, se non, farán dano á miña familia e el non poderá evitalo.

SÚPER

Pero, e Saif, vive tamén no CETI?

INVISIBLE

Si claro, para non entrar no cárcere fíxose amigo da policía e axúdalle... e a min tamén, aínda que ás veces ponse moi nervioso e...

SÚPER

... e... que??

INVISIBLE

Pois... ás veces... pois, “rífame”, pero di que é polo meu ben, para que entenda como son agora as cousas... de perigosas e o moito que fai por min.

SÚPER

Pero iso non se pode permitir. De ningún xeito, agora mesmo vou...

INVISIBLE

... velai o v^o buscándome... se me ve falando contigo vaise enfadar... adeus... (*Desaparece.*)

SÚPER

Ei, volve, volve!! Pero, como te chamas? Hai máis coma ti? Muller Invisible, volve!!! Podo axudarche... Creo. Pero, se non sei como te chamas! A quen vou buscar?...

(*Ao público co monicreque na man.*)

E vós, sabedes o seu nome? Entón... poderdes axudala? Ben, se queredes xogar pódovola deixar, pero tedes que axudala, eh! Ou prefires a Hurrilla? Ou a Yusuf? Ou a Salam Labás? Ou a Ablo? Ou a Anir? Ahhhh... que lea, pero se só teño un corpo, a quen axudar, a quen lle poñemos cara?

Xa sei, vou chamar a Mamá e preguntolle.

Mamá!! Si, encántame, grazas... si, xa lle probei tódolos complementos. Pero agora teño un problema. É que aquí teño unha chea de amigos e non sei que facer, porque só teño un corpo e son tantos... Ah, xa. Claro. Non sabía que tamén viña coa... Si Mamá. (*Mira o traxe*) Si, lévoo posto. Non, non o emporquei! Por que o había de emporcar? Si, xa vou para aí. Bico para ti tamén. Quéro... Eh, colgoume!!!

(*Colle unha coitela do valo.*)

Mamá di que hai para todos e que África sempre foi para partillar, así que... Partillemos! (Ábrelle a barriga coa coitela e saca un barquiño de papel e convida a coller ao público. *Dalle a coller a un bo feixe deles pero xa se lle fai tarde...*)

Agora teño que deixarvos que Mamá agárdame para xantar e cando Mamá se enfada... (*Tira o valo co brazo sen querer. Sorpréndese co seu poder.*) Ao final si que vou ter súper poderes! Non pasa nada, se non é máis que un valo... Xa logo o recollo.

Que xa vou Mamá!!

(*Sae correndo... ou voando!*)

FIN